

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 10 DE ABRIL DE 2017.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dez de abril de dous mil dezasete; as dez horas da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona Maria López Touza , Don Javier Iglesias Sendín.e Don Ricardo González Amaro.-

Está presente o Secretario, Don Francisco Gaspar Fernández Castro.

Está presente o Sr. Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado tres de abril do dous mil dezasete (ordinaria) .

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non hai.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

#### **ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-**

1.- Visto o escrito presentado por **Don Mauro Fernández Rodríguez**, con domicilio en A Quinza , nº13, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 15-03-2017 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

2.- Visto o escrito presentado por **Dona María del Pilar Feijoo Bernardez** , con domicilio na rúa Muñoz Calero 6 3º I. Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno

Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 19-12-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

#### **ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL.-**

1.- Visto o escrito presentado por **Don Marcos Blanco Jorge**, solicitando acometida de auga na rúa Progreso nº1, baixo Alameda Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 09-12-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes :

**-Notificación ao concello sobre a autorización da Presidencia da Deputación para a execución de traballos con brigadas da Deputación. Denominación da obra: Reparación de firme en varios camiños municipais.**

A xunta de goberno local, por unanimidade,. toma coñecemento e presta aprobación ao condicionado imposto pola Excma Deputación Provincial:

- O concello de Ribadavia pón á disposición da brigada de obras os medios necesarios para a execución da obra de “ Reparación de firme en varios camiños municipais” que na estimación efectuada pola Deputación provincial importan 28.869,70 € dispoñendo o concello de consignación orzamentaria adecuada e suficiente para asumir dito importe no vixente orzamento municipal.

-O concello pón a disposición da Deputación dos terreos necesarios para a execución das obras e a tramitación das autorizacións necesarias.

-O concello se fai cargo dos danos e perdas que se deriven da execución das obras , en relación coa ocupación de terreos, servidumes e casos semellantes.

-Declarase que as obras solicitadas cumpren co establecido no artigo 37 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.

- Do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Ourense, notificando a interposición de recurso contencioso-administrativo por Pazo de Esposende SL, procedemento abreviado núm.000069/2017CA contra Resolución da Alcaldía de data 18.01.2017 desestimatoria de recurso de reposición relativo a liquidacións de Imposto sobre Bens Inmóbeis e solicitando a remisión do expediente administrativo. A Xunta de Goberno Local, toma coñecemento do referido escrito e acorda a remisión do referido expediente debidamente foliado e autenticado o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense.

-Da Confederación Hidrográfica Miño Sil comunicando proposta de resolución por posible filtración de augas residuais na rúa Progreso de Ribadavia.

-Da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria remitindo Convenio específico para o desenvolvemento da formación en Centros de Traballo, denominación da ensinanza Guía, información e asistencia turística.

-Da axencia de Turismo de Galicia comunicando cambio de titular do establecemento Pazo de Esposende a nome de Pazo de Esposende SLU.

-Da Axencia de Turismo de Galicia comunicando cambio de titular do establecemento Vinoteca Ribadavia a nome de Solueni SL.

-Da Axencia de Turismo de Galicia comunicando cambio de titular do establecemento Ribeiro e Xamón a nome de Solueni SL.

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **NOMEAMENTO DE ABOGADO .-**

Visto o recurso contencioso-administrativo presentado por Pazo de Esposende SL, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 2 de Ourense, procedemento núm.000069/2017A contra Resolución da Alcaldía de data 18.01.2017 desestimatoria de recurso de reposición relativo a liquidacións do Imposto sobre Bens Inmóbeis, a Xunta de Goberno Local, acorda:

1. O personamento no recurso contencioso-administrativo presentado por Pazo de Esposende SL, contra a referida Resolución.
2. Encomendar a defensa e representación deste Concello o letrado don Angel Pazos Huete.
3. Facultar a Alcaldía para a realización de todos os trámites necesarios para a execución do referido acordo.

### **REQUERIMENTO A RED ELÉCTRICA DE ESPAÑA**

Solicitado informe polo Concelleiro de Facenda á empresa encargada da obra de “ Reposición de conductor en la red de alumbrado público del Parque Empresarial de San

Cristóbal en Ribadavia” emitido dito informe no que se indica que no fronte da parcela 26 do polígono, titularidade de Red Eléctrica de España, non se pudo introducir o conductor pola canalización de alumeado existente, por estar taponada ou deteriorada, a xunta de goberno acorda requerir a Red Eléctrica de España para que proceda a repoñer a canalización de alumeado existente de forma adecuada no frontal da súa propiedade , de forma que se poida reponer o conductor na rede de alumeado público.

### **APROBACIÓN DE FACTURA DA OBRA DE TALUD RÚA CARBALLIÑO.**

Visto o informe de fin de obra de sentido favorable emitido por Esinpro Ingeniería SL , don Casimiro Fontela Bugallo, enxeñeiro autor da Memoria Valorada da OBRA TALUD RÚA CARBALLIÑO en relación ás actuacións de emerxencia para reparar os desperfectos do talud na rúa Carballiño e correlativa factura por importe de 15.444,50 euros, IVE non engadido, presentada pola empresa contratista EXCAVACIONES JORGE GONZÁLEZ.

A xunta de goberno local por unanimidade acorda:

- Aprobar a factura nº 619 de Excavaciones Jorge González concepto Obra talud rúa Carballiño por importe total , IVE engadido de 18.687,85 euros, 15.444,50 euros importe bruto, IVE 3.243,35 euros.

### **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dez horas e quince minutos da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO

D José Ignacio Gómez Pérez

Francisco Fernández Castro